

# FUMOS Á PRAIA RECOLLER PLÁSTICO

Atopamos:

- Madeira
- Cabichas
- Patus de chupachups
  - Botellas de cristal.
  - Porexpán
- Un mango de paraugas
  - Redes



# MANGO DE PARAUGAS DE PLÁSTICO CAUSAS

Os mangos dos paraugas, obviamente están feitos de plástico, aínda que, hai algunhas excepcións, e como xa sabes o plástico contamina e degrada o medio ambiente, provocando alteracións no noso planeta.

·Para facer estes mangos necesítase maioritariamente

Nylon, porque é un plástico forte e resistente, e tamén é liviano; isto non quere dicir que non sexa contaminante.



# As redes pesqueiras

Cada día hay menos peixes pola contaminación das redes de pesca, xa que contaminan o 75% dos plásticos son redes de pesca. Isto fai que as especies mariñas se extingan moi facilmente: as súas consecuencias son...

- Rompen corales
- Peixes enfermos
- Moluscos, cangrexos e.t.c quedan atrapados
- tortugas comen as redes pensando que son alimentos.

Cada ano hai máis de 640.000t de redes no mar.



# Cabichas



As cabichas conteñen filtros de acetato de celulosa, un tipo de plástico non biodegradable.

As cabichas conteñen nicotina, hidrocarburos poliaromáticos, alcatrán, arsénico, chumbo e outros metais.

Tardan ente un e dez anos en descompoñerse.

Fumar ademais é malo para a saúde.



# Chupachus



O plástico dos chupa chups son moi contaminantes, porque o seu plástico contamina o habitat dos animais (medio ambiente) e os animais toman ese plástico e nos vamos detrais deles. Non só o plástico se non os paus tamén. Así que se tomades un chupa chups tirade o plástico no lixo e o pau tamén.



# MADEIRA

Unha táboa de madeira resiste ata 3 anos na auga antes de descompoñerse.

Como xa estudamos, a madeira é biodegradable, polo que non contamina; é renovable, é dicir, pódese rexenerar plantando novas árbores; Ademais, é reciclable, xa que os produtos e derivados da madeira poden ser re-fabricados co xa utilizado.

Estes son os residuos que deixa a madeira:

Cortezas, peneiras, menullos, cortes de paneis, serrín, papel de lixa.



# XOGUETES DE PLÁSTICO

Os xoguetes na praia están moi ben pero deixalos na praia enterrados é perxudicial. Xa que os xoguetes son plásticos que contaminan o mar e matan aos seres vivos mariños.

Ao igual que teñen cousas boas tamén conteñen consecuencias como:

- **CONTAMINA:** Ao final acabará no mar e haberá seres vivos que o coman.
- **TARDA** entre 100 e 1.000 anos en degradarse.
- Os peixes que comen o plástico despois acabarémolos comendo nós, polo que tamén nos veríamos afectados.



# BOTELLAS DE PLÁSTICO

Mais ou menos a o ano fábrícanse entre 23 e 27 milóns de toneladas.

Beber auga e líquidos suficientes forma parte do nos estilo de vida saudable e activo. Pero hai un problema as botellas de plástico, que están formadas de petróleo.

Por unha botella de plástico úsanse 100 ml de petróleo.

As botellas de plástico tardan mais ou menos entre 700 a 1000 anos en degradarse, durante este proceso a choiva arrastra químicos e toxinas ao solo e mares.





# CONCLUSIÓN

- NON se debe tirar lixo nas praias xa que acaba no mar.
- Os animais poden comelo e despois nos.
- Poden morrer animais.

